

O cineasta Manuel Mozos filmou edificios en decadencia e ofreceulles historias. Nese cruzamento de imaxes e de textos fábase, en *Ruínas*, dun país máis de miserias do que de grandezas. Iso é Portugal. «De grandes esperanzas mais, ao tempo, dunha certa mesquindade, un aquel de ir tirando». Belísimo.

Hai canto tempo que ninguén andaba por acó? Quen se lembra aínda do que aquí aconteceu? Manuel Mozos ten por hábito ir anotando nun caderno este tipo de cousas: lugares, unha nova que leu nunha revista, unha referencia dun texto. O que quería facer en *Ruínas* —o filme, unha produción de O Som e a Fúria que foi estreada esta semana— era cruzar todo iso. Quería filmar os espazos baleiros, si, pero quería poboalos, darlles voces, sons, facelos habitar por pantasma que, se cadra, non eran as pantasma deses espazos —eran outras, que obrigaron ás primeiras a lles facer sitio e deixar que se instalasen elas tamén.

Ruínas é unha sucesión de imaxes de espazos que o país deixou atrás, que esqueceu, pero que non desapareceron. Moitos fican en pé, nunha dignidade silandeira, abandonados pero non vencidos. Ninguén pasa por eles, pero eles aínda seguen alí. «O que me interesa, quer nos espazos quer nos outros materiais que emprego no filme, é que son cousas que atopo interesantes e que se dilúen, pérdense. Coidaba que era importante darlles algunha vida, procurar que non desaparecesen completamente», di o realizador. Non se trata dunha ollada nostálxica ou saudosista, subliña. «Pero son sitios que teñen un lado poético, de cousas que existiron, que fixeron parte de historias deste país».

Inicialmente pensou en usar fragmentos de filmes antigos, postais, ou mesmo procurar persoas que puidesen contar historias sobre aqueles sitios. Pensou incluso en ampliar o filme a outras cousas que estaban a desaparecer, «profesións, xardíns, bosques, falar da transformación de certas cousas, da construción de campos de golf ou do efecto das autoestradas nos percorridos dos animais», non unha perspectiva sociolóxica, simplemente unha constatación de que é así. Pero a medida que ía filmando foi abandonando esa idea. O filme foise tornando cada vez máis depurado até chegar ao esencial: espazos baleiros e sons.

O que vemos e o que ouvimos

Onde reside a fortaleza de *Ruínas* é nese cruzamento, sempre lixeiramente desprazado, entre o que ven os nosos ollos e a historia que estamos a ouvir. No Restaurante Panorâmico de Monsanto, mentres a cámara amosa unha escalinata, a xanela panorámica, os murais, unha voz le unha anotación dun libro de receitas do século XVI —unha listaxe de manxares que, para Mozos, «combinaba con aquela monumentalidade». Ás veces, como no caso do Sanatório das Penhas da Saúde, o que ouvimos —neste caso: relatorios médicos con todos os pormenores sobre o estado de saúde dos doentes á entrada e á saída do internamento— ten que ver coa historia do sitio. Outras veces é apenas unha historia que podía pertencer ao lugar, e só por casualidade non pertenceu —como a carta que pregunta polos prezos dunha fin de semana para un grupo de amigos nun hotel, lida sobre a imaxe da Estalagem de São José, en Porto da Barca, xunto ao mar, un sitio onde Mozos chegou a estar aloxado antes de pechar o establecemento e comezar a esvarar cara ao esquecemento. «Na recolla de textos interesábame achegarme a cousas que non se consideran gran literatura, procuraba máis ben literatura de cordel, epistolar, relatorios, apuntes». Entraron tres poemas. O resto son textos coma o prego «Ao pobo de Barreiro sobre o lanzamento dunha bomba», de 1934, ou unha carta cun pedido de empréstimo —«cousas un chisco insignificantes, do día a día, que as persoas gardan pero que nunca ficarán como nada importante de non ser para quen as fai e quen as recibe».

Os «makavenkos» [«Memórias e Receitas Culinárias dos Makavenkos», de Francisco de Almeida Grandella, 1919], por exemplo, aparecen máis dunha vez, sen ningunha conexión aparente co que estamos a ver. Pero este club de «bon vi-

Manuel Mozos nas ruínas das grandes esperanzas

Alexandra Prado Coelho

vants», formado para os praceres da comida, fundado en 1884 por Grandella e algúns amigos, apareceu naturalmente no proceso de pescuda de Mozos. «Vin unha vez nunha revista unha nova sobre a construción dun sanatorio que nunca tiña sido rematado no Cabeço de Montachique, e decateime de que o Grandella, dos Armazéns Grandella, tiña feito parte das persoas que se reuniron para ese proxecto».

Máis tarde descubriu nunha librería o libro de Grandella e interesouse polo referido á gastronomía. Só despois atopou unha serie de outras historias. «Había unha lenda que falaba dun cofre enterrado no Cabeço de Montachique con moedas que eran para pagar o sanatorio. O edificio é estrañísimo, ten unha configuración de estrela que ten que ver con [sociedades secretas como] as masonarías ou carbonarías». Souben que o realizador Antónío Macedo fixera alí un filme, e quixen velo. Despois filmou o sanatorio que nunca chegou a existir, pero as imaxes finalmente case non entraron no filme, agás dous planos no solpor —como se o edificio non conseguise liberarse da maldición de non darse nunca materializado.

Un país pequeno

Mais os textos dos «makavkos» quedaron, entre a historia de «Henriqueta, unha heroína do século XIX» e o libro de ciencias naturais para 4º de Ensino Primario e Elemental do ano 1961. Con eses textos, os espectadores son conducidos cara á historia que o realizador quere contar, seguen tras das pantasma que e el quixo proxectar alí. Mozos non ten dúbidas sobre iso: «Un texto ligado a unha imaxe apunta, obviamente, cara a algures». As mesmas imaxes con outro texto contarían outra historia. Durante a montaxe experimentou varios textos (houbo un gran traballo de pescuda previa sobre os lugares, con Ana Gomes e Dulce Mendes) combinados con diferentes imaxes. «A construción íase facendo por experiencias, xustapoñendo imaxes con sons até que eu decidía que ficaban así. Pero era un xogo que podía tornarse interminábel». O que ficou é tamén unha historia do país. Ou

mellor, son historias dun certo país. Algúns espazos poden ser grandiosos, pero o que ouvimos son historias pequenas, pequenas miserias. Un país pequeno? «Penso que non nos refuxiamos no pequeno mesmo cando se tentan cousas máis maxestosas ou grandiosas. Nalgúns textos hai unha caste de impotencia, un lado case traxicómico. Como na primeira historia dos ‘makavkos’, dun señor que quere escribir unha peza de teatro e nunca o consegue, ou o raparigo que eles adoptan e despois a nai marcha con el. Hai un lado, que sinto que é unha miga o país, de grandes esperanzas mais, ao tempo, dunha certa mesquindade, un aquel de ir tirando».

Non é un filme sobre o Estado Novo, pero el insiste en asomar acó e acolá, nos textos, nas imaxes —nos vellos libros de escola e mapas do Centro Educativo do Mosteiro de Santa Clara ou no enumerar de servizos dispoñíbeis (por categorías) para os funcionarios da Hidro-Eléctrica do Douro. «Decateime de que, se cadra, estaría excesivamente centrado no Estado Novo, pero non era iso o que quería, para min tratábase do século XX, porque é o que eu coñezo ben: vivín nel unha parte razoábel da miña vida».

Hai, en todo o filme, unha única escena con persoas. É contra o inicio, no cemiterio do Prado do Repouso, no Porto, no día de Finados. Antes diso, apenas unha imaxe: a implosión das torres de Tróia. «Quer ese plano de Tróia (que quixen filmar antes da implosión pero non foi posíbel), quer a secuencia no Prado do Repouso, teñen un carácter metafórico para o resto do filme. O primeiro porque é o único en todo o filme que desaparece. Despois da implosión só fica o po. E esa idea do po lévanos á cuestión do cemiterio. Se non houbese persoas, o filme leríase doutro xeito. Nós, persoas, temos unha memoria. Mesmo cando as cousas desaparecen ficamos ligados a elas».

É por iso que os espazos baleiros están cheos de voces.

* Publicado orixinalmente en *Ípsilon*, Público, 1 de abril de 2010. Dispoñíbel en <http://ipsilon.publico.pt/cinema/entrevista.aspx?id=253770>. Tradución de Pablo Cayuela.

CINECLUBE DE COMPOSTELA

CARTOGRAFÍAS

PROXECCIONS

Todos os mércores na Gentalha do Pichel (Santa Clara, 21. Santiago de Compostela)
Entrada de balde
Bono-axuda: 1€

ASOCIACIÓN

O Cineclube tenta ser unha asociación autoxestionada. Para iso, propoñemos unha aportación económica persoal de 5€/mes (3€ para estudantes e parados/as)

① cineclubedecompostela.blogaliza.org
@cineclubedecompostela@gmail.com

5 DE MARZO | 21:30

Alias asasino en serie (略称連続射殺高 [Ryakushō renzoku shasatsuma], Masao Adachi, Xapón, 1969, 86', VOSG)

12 DE MARZO | 21:30

Ruínas (Ruínas, Manuel Mozos, Portugal, 2009, 60', VOSG)

19 DE MARZO | 21:30

A miña Winnipeg (My Winnipeg, Guy Maddin, Canadá, 2007, 80', VOSG)

26 DE MARZO | 21:30

A última vez que vin Macau (A Última Vez Que Vi Macau, João Pedro Rodrigues / João Rui Guerra da Mata, Francia / Portugal / Macau, 2012, 85', VOSG)